

PROGRAMACIÓN PRÁCTICAS DE DIRECCIÓN VII
CURSO 2020/2021
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
PRÁCTICAS DE DIRECCIÓN										
ESPECIALIDADE:	Interpretación					ITINERARIOS:	Dirección			
CARÁCTER:	Obrigatoria					TIPO DE CLASE:	COLECTIVA			
DEPARTAMENTO:	Dirección					XEFE DE DPTO.:	Fernando López Briones			
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	Fernando Vázquez Arias			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1
ECTS/CUAD.							2		Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA		
	Fernando Vázquez Arias					cantatamelida@gmail.com		Venres de 10 a 11h		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: Posta en práctica dos coñecementos adquiridos nas disciplinas de dirección de coro e orquestra, a través da interpretación de composicións con linguaxes e estilos diferentes, así como en formacións de diversos tipos. Dinámicas e metodoloxías de ensaio. Liderado interpretativo na concepción dun proxecto, na organización de ensaios e concertos, e na preparación de programas de concerto. Consecución de habilidades que permitan a compenetración coa formación dirixida, así como a transmisión das propias concepcións interpretativas a outros/as músicos. Fomento da participación activa e da coherencia na práctica interpretativa. Práctica de repertorios procedentes de diversas tradicións interpretativas e estilísticas, e as súas implicacións.</p>	
COÑECEMENTOS PREVIOS:	
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS DE CONTIDOS PROGRESIVOS, INTERESE DA DISCIPLINA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA TITULACIÓN: Aplicación práctica dos coñecementos adquiridos.	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7, T9, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X4, X7, X8, X10, X11, X12, X17, X18, X21, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED1, ED3, ED7, ED9, ED10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 171/2016 do 24 de novembro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Tomar consciencia do papel de director nas agrupacións instrumentais e corais	T1, T3, T7, T10, T13, X7, X8, ED9, ED10
2. Coñecer os diferentes tipos de agrupacións instrumentais	T9, T10, X17, ED7
3. Coñecer diferentes dinámicas de ensaio segundo as características das agrupacións	T1, T9, T10, X7, ED7
4. Analizar as problemáticas que poder xurdir en función das diferentes agrupacións	T3, T7, T9, T19, T13, X8, ED9
5. Executar o pulso, cambios agóxicos e dinámicas, carácter e articulación con seguridade e flexibilidade.	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED10
6. Balancear os planos sonoros, texturas e empaste tímbrico adecuándose ao estilo das obras	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED3, ED10
7. Realizar correctamente o fraseo, respiracións, golpes de arco, ataques, en función do estilo e as obras propostas.	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED10

8. Coñecer as posibilidades técnicas dos instrumentos	T3, T13, X4, ED3, ED7
9. Aprender a expresarse de forma clara e precisa a través do xesto favorecendo a comunicación entre o director e o grupo	T3, T7, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
10. Coñecer e practicar a xestualidade básica de dirección e a súa correspondencia coa expresión musical.	T3, T7, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
11. Saber organizar o traballo previo aos ensaios co grupo: elección do repertorio, estudo e análise das obras, previsión de posibles dificultades e proposta de solucións.	T1, T3, T7, X7, X8, X11, X17, X18, X21, X23, ED10

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. O Conxunto	1.1. Tipos de agrupacións corais e instrumentais. Agrupacións infantís e xuvenís. 1.2. Obxectivos e problemáticas específicas 1.3. Consideracións organolóxicas e clasificación vocal 1.4. Disposición espacial	Todas
2. Comunicación verbal e xestual	2.1. Planos directoriais. Estratexias comunicativas. Comunicación verbal e imitativa. Xestualidade mimética, analóxica e convencional. 2.2. Os espazos e dimensións referenciais. Linguaxe corporal e comunicación facial. Capacidade comunicativa das articulacións do brazo (posición e relación de movemento). A batuta. Coordinación e independencia dos brazos. 2.5. Figuras e subdivisións. <i>Dispari</i> e anticipacións. Xestos illados. 2.6. Traxectorias do xesto. Amplitude e perfil. Velocidade e aceleración do movemento. Proporcións. 2.7. Tipos de <i>levare</i> . Marcación de caldeiróns e cortes.	Todas
3. Ensaio e concerto	3.1. Preparación en xeral. 3.2. Preparación do material de orquestra 3.3. Técnicas de ensaio 3.4. Dirixir ópera 3.5. Dirixir obras corais con orquestra.	Todas
4. Interpretación en estilo	4.1. Aspectos de interpretación e estilo 4.2. Elección do tempo 4.3. Tradición	Todas
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral	1		1
Práctica xestual	12		12
Estudo individual		30	30
Selección ou preparación de materiais		13	13
Actividades de resposta ao xesto	3		3
Titorías individuais		1	1
TOTAL HORAS	16	44	60

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua durante das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	30%
Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais.	Todas	30%
Revisión materiais	Preparación das partituras, realización de análises interpretativas e directoriais e elaboración de proxectos.	Todas	10%
Repentización	Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	15%
Asistencia presencial	Asistencia con regularidade ás clases e ensaios. Só se permiten 2 faltas ao longo do cuadrimestre.	Todas	15%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Avaliación continua durante as clases e ensaios	Avaliación continua durante das habilidades comunicativas, as ferramentas xestuais e o control auditivo durante as clases prácticas	Todas	30%
Probas individuais ou colectivas	Uso de recursos técnicos adaptados a diferentes supostos musicais. Ensaio dunha obra ou fragmento para coro do listado de obras propostas para o presente curso. O alumno farase cargo da participación das agrupacións.	Todas	30%
Revisión materiais	Preparación das partituras, realización de análises interpretativas e directoriais e elaboración de proxectos.	Todas	10%
Repentización	Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	15
Asistencia presencial	Asistencia con regularidade ás clases e ensaios. Só se permiten 2 faltas ao longo do cuadrimestre.	Todas	15%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media. O computo das faltas abrangue desde o comezo do curso ata a convocatoria do exame de decembro.			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON 4 FALTAS OU MÁIS)			
Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal. O alumno farase cargo da participación das agrupacións.	Todas	50%
Proba teórico-práctico	Análise interpretativa e directorial. Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	30%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais,	Todas	20%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Proba individual con agrupación	Ensaio dunha peza para cuarteto vocal. O alumno farase cargo da participación das agrupacións.	Todas	50%
Proba teórico-práctico	Análise interpretativa e directorial. Dirección dun partitura a primeira vista. Proporcionarase ao alumno/a un fragmento que deberá dirixir facendo todas as indicacións xestuais necesarias.	Todas	30%
Proba escrita	Comentario crítico de documentos escritos, sonoros ou audiovisuais,	Todas	20%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

7. OBSERVACIÓNS
Os alumnos que superen o número de faltas establecido terán que presentarse a un exame o final do cuadrimestre onde a materia a avaliar será toda a que aparece na guía. O exame será como o de avaliación extraordinaria.

8. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS*	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
-	-

* No presente curso non hai alumnado da disciplina con necesidades educativas especiais

ANEXO

Debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19, ademais da docencia presencial reflectida anteriormente faise necesario contemplar a docencia semi presencial e non presencial. Estas modalidades aplicaríanse en función dos posibles escenarios sanitarios.

Na docencia semi presencial e non presencial, os apartados 1, 2, 3 e 4 son os mesmos que na docencia presencial.

5- PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA:

5.1- Docencia semipresencial: este tipo de docencia realizarase cando o/a alumno/a ou ben o/a profesor/a teñan que pasar un período determinado recluídos no seu domicilio, sempre que as súas condicións de saúde llo permitan. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX.

En caso de non dispoñer de unha calidade de conexión que permita a realización das clases mediante este tipo de plataformas ou similares, o/a profesor/a enviará por correo electrónico exercicios de tipo teórico-práctico baseados nas actividades do apartado 5 da modalidade presencial, e adaptándose aos medios de que dispoña o alumnado. O /A alumno/a desenvolverá estas actividades durante a hora de clase correspondente á asignatura e enviaraos realizados ao remate da clase.

5.2- Docencia non presencial: no caso de que se produza un confinamento total o alumno/a recibirá a súa docencia totalmente online no seu horario habitual para que non haxa ningún prexuízo de horario con respecto a outras disciplinas. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX.

En caso de non dispoñer de unha calidade de conexión que permita a realización das clases mediante este tipo de plataformas ou similares, o/a profesor/a enviará por correo electrónico exercicios de tipo teórico-práctico baseados nas actividades do apartado 5 da modalidade presencial, e adaptándose aos medios de que dispoña o alumnado.

6- AVALIACIÓN (SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL)

- CONVOCATORIA ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)

As ferramentas de avaliación, criterios de avaliación, competencias avaliadas e ponderacións serán os mesmos que na avaliación presencial. As ferramentas 1 e 2 desenvolveranse durante o período non presencial (sexa total ou parcial) segundo as actividades reflectidas no apartado anterior.

- CONVOCATORIA ORDINARIA (AVALIACIÓN ALTERNATIVA-PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)

- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- EXAME DE ADIANTO DE CONVOCATORIA

Se durante o período de exames o/a alumno/a está realizando un período de confinamento, a súa avaliación realizarase de forma telemática, mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX e no caso de que pola calidade da conexión non sexa posible, realizarase o envío de gravacións en tempo real, calculando o tempo de preparación dende que o profesor envía as partituras para a proba.

Os **criterios de avaliación** serán os mesmos que no período presencial